**Proxecto Artello**
**Galego Ortografía 1**

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

*Edición*: Carlos L. Medrano Martínez
*Ilustración*: Xesús María Arana García e José Tomás Díaz Teijo
*Corrección*: Belén Rodríguez Suárez
*Cuberta*: Luís Vilardell Panicot
*Preimpresión*: MACROM

© Rodeira-grupo edebé, 2006

Depósito Legal: C.2841-2006

**Edición non-venal**

# Índice


**1**. Os signos de puntuación . . . . . 5

A coma . . . . . 5

O punto e coma. Os dous puntos. Os puntos suspensivos. O punto . . . . . . 9

Os signos de interrogación e exclamación . . . . . 13

**2**. Regras xerais de acentuación . . . . . 15

Principios de acentuación . . . . . 15

Regras de acentuación gráfica . . . . . 17

**3**. Acentuación diacrítica . . . . . 21

**4**. Ditongo, tritongo e hiato . . . . . 25

**5**. Uso de «b» e «v» . . . . . 29

**6**. Uso de «h» . . . . . 33

**7**. Uso de «s» e «x» . . . . . 37

**8**. Uso de «x», «ll» e «i» . . . . . 41

**9**. Grupos consonánticos –cc– e –ct– . . . . . 45

**10**. Terminacións –zo, –za . . . . . 49




# Os signos de puntuación

## A coma [,]

A coma indica unha pausa breve, dentro dunha oración.

**Úsase a coma**

1. Para separar os elementos dunha enumeración (agás os que van unidos por conxuncións: *e*, *ou*…)

   *O barco trouxo hoxe fanecas, xurelos, sardiñas, douradas e robalizas.*

2. Para introducir aclaracións ou incisos nunha oración.

   *Xoán, o irmán de Cristina, volveu onte da súa viaxe.*

3. Cando invertemos a orde lóxica nunha oración.

   *Aos trece anos, meu avó marchou para a Arxentina.*

4. Para indicar que nunha oración se omitiu ou suprimiu un verbo.

   *Eu teño vinte e dous anos; Mónica, dezanove.*

5. Para separar do resto da oración o nome da persoa á que nos diriximos (vocativo).

   *Pénsao ben, Carme, que é unha decisión moi difícil.*

6. Para separar lugar de data (nas cabeceiras das cartas) ou números enteiros de decimais.

   *A Coruña, 28 de decembro de 2005*

   *Custa 3,25 euros.*

7. En ocasións, para marcar unha pausa antes (e, ás veces, despois) dalgunhas conxuncións como *pero*, *mais*, *non obstante*, *aínda así*, *polo tanto*, *daquela*, *porque*, *aínda que*…

   *Xa aforrei doce euros, aínda así, non teño suficiente para mercar ese DVD.*

**Nunca se usa coma**

Separando suxeito e predicado

Incorrecto: *Os alumnos, fan o exame.*

Correcto: *Os alumnos fan o exame.*

# Actividades

**1.** Sinala, co número correspondente, a regra de uso da coma que se aplica nestas oracións.

| *Oración* | *Regra* |
|---|---|
| Dixen que calásedes, rapaces. | ..... |
| Toda a miña familia, incluído meu pai, estaba de acordo. | ..... |
| Podes levar a miña cámara de fotos, mais ten moito coidado. | ..... |
| Eu quero ir a Lisboa; eles, a Barcelona. | ..... |
| Máis tarde, vou buscar o teu amigo. | ..... |
| Malpica de Bergantiños, 25 de outubro do 2005. | ..... |
| Votaron a favor Dinamarca, Holanda, Bélxica e Alemaña. | ..... |

**2.** Pon as comas que faltan nestas oracións e indica, co número axeitado, a regra que aplicaches.

| *Oración* | *Regra* |
|---|---|
| Fun ao médico á farmacia ao mercado e ao banco. | ..... |
| Xusto ás seis apareceu Xoán pola porta. | ..... |
| Ramón estuda no seu cuarto e Ana no salón. | ..... |
| Aquela carteira a que me mercaras ti moito me durou. | ..... |
| Comprei esa caixa de lapis moi barata: só custou 120 euros. | ..... |
| Oe Afonso podes axudarme con isto? | ..... |
| Ela come moito pero non engorda. | ..... |

**3.** Completa estes enunciados coas enumeracións que correspondan. Coida o uso da coma.

- Para a tortilla de patacas necesito: ..............................................................................................
- Os meses do inverno son: ..............................................................................................
- Estas son as comidas do día: ..............................................................................................
- Os cinco continentes son: ..............................................................................................

**4.** Escribe estas oracións poñendo en primeiro lugar a parte destacada. Aplica a regra de uso da coma que conveña.

| | |
|---|---|
| Eu xogo ás cartas co avó **ás veces**. | .............................................................................................. |
| Poderemos ir ao cine **se volves cedo**. | .............................................................................................. |
| Vou regalarlle este reloxo **a Carlos**. | .............................................................................................. |
| Teu irmán chegou **onte**. | .............................................................................................. |

**5.** Tendo en conta o estudado sobre o uso da coma, introduce correctamente estes incisos ou aclaracións nas oracións que che propoñemos despois.

| | |
|---|---|
| mércores | a obra mestra de Rosalía de Castro |
| a Cidade Eterna | a miña noiva |
| que pertenceu a John Lennon | o veciño do segundo |

- A Marta gústalle moito o teatro.

  ........................................................................................................

- Follas novas foi publicada en 1880.

  ........................................................................................................

- O vindeiro día 12 inaugúrase o novo supermercado.

  ........................................................................................................

- Xoán vai todos os días ao ximnasio.

  ........................................................................................................

- Esa guitarra debe valer agora unha fortuna.

  ........................................................................................................

- Roma é unha das capitais europeas máis fermosas.

  ........................................................................................................

**6.** Escribe continuacións para estas oracións. Ten en conta que debes inventar a partir dunha coma.

Á altura do parque, ..............................

Teño cómics de Spiderman, ..............................

Xinzo de Limia, ..............................

Conduce con coidado, ..............................

Xavier é avogado; Carme, ..............................

# Actividades

**7.** Pon as comas que faltan neste texto. En total son doce.

> Despois de escoitar as últimas noticias do día como facía decote Ramón Rama o Seisdedos foise deitar. Ás atoutiñadas acendeu a morriñenta luz da lámpada da mesiña de noite para non molestar a Mercedes a súa muller que xa durmía. Estaba a punto de dar a media noite. Espiuse preguiceiramente e pendurou a camisa a gravata e mais o traxe nunha cadeira que tiña alí adrede para iso. Os calcetíns deixounos nos zapatos. Pousou o paquete de tabaco e mais o acendedor na mesiña de noite. Finalmente vestiu o pixama e meteuse na cama. Axustou nas orellas os auriculares dun reloxo espertador para escoitar o programa deportivo da noite e inexplicablemente sentiu receo dos números vermellos que o vixiaban con olladas de lume. Desacougado sacou os auriculares e apagou a radio. Axiña prendeu nel un sono quedo nervioso fuxidío.
>
> Pepe Carballude, *Romaxe de desventuras*

**8.** Comenta a diferenza de significado entre estas oracións. Explica tamén o diferente uso da coma que se fai en cada caso.

- Xoán vén acá. / Xoán**,** ven acá.

  ........................................................................................................................

  ........................................................................................................................

- Mónica**,** chamoute Luís. / Mónica chamoute**,** Luís.

  ........................................................................................................................

  ........................................................................................................................

- Se me chamas mañá**,** dígocho. / Se me chamas**,** mañá dígocho.

  ........................................................................................................................

  ........................................................................................................................

- Apuremos ou non colleremos o autobús. / Apuremos ou non**,** colleremos o autobús.

  ........................................................................................................................

  ........................................................................................................................

**9.** Escribe as oracións que presentamos deseguido poñéndolles unha coma, de xeito que modifiquen o seu sentido.

| | |
|---|---|
| Non quero máis. | ........................................................ |
| Por fin chegou Antón. | ........................................................ |
| Ana María e Inés irán no teu coche. | ........................................................ |
| Alí había moitos homes mozos tamén. | ........................................................ |

# O punto e coma [;]

O punto e coma indica unha pausa de duración media, maior ca a da coma e menor ca a do punto.

**Úsase o punto e coma**

1. Para separar elementos dunha enumeración cando dentro deles xa hai algunha coma.

    *Esta é a aliñación: de porteira Xoana**;** na defensa Clara, Lucía, Neves e Iria**;** na media Paula, Ana, Marta e Inés**;** na dianteira Carme e Tareixa.*

2. Para separar proposicións xustapostas, especialmente cando nestas se usou a coma.

    *O neno, eufórico, saltou e berrou**;** o seu equipo acababa de marcar un gol.*

3. Diante de conxuncións como: *non obstante*, *mais*, *pero*, *en cambio*, *así que*, *polo tanto*, *daquela*..., especialmente en oracións longas.

    *Os xogadores prepáraronse intensamente durante todo o mes**;** non obstante, os resultados non foron os que o adestrador agardaba.*

# Os puntos suspensivos [...]

Os puntos suspensivos serven para indicar que unha oración queda interrompida ou en suspenso.

**Úsanse os puntos suspensivos**

1. Para interromper unha oración expresando temor, dúbida, reticencia, intriga, emoción...

    *Non sei**...** Non sei**...** Xa veremos.*

2. Para indicar que unha enumeración está incompleta ou queda aberta.

    *Os principais escritores galegos firmaron ese manifesto: Manuel Rivas, Suso de Toro, Xosé Carlos Caneiro**...***

3. Para indicar que se evita unha palabra malsoante.

    *Non te quero ver diante. Vai á m**...**!*

4. Para sinalar a eliminación de parte dun texto que se cita, normalmente entre parénteses.

    *Que din os rumorosos (**...**) ao raio transparente do prácido luar?*

**Despois dos puntos suspensivos...**

Pódese escribir calquera outro signo de puntuación agás o punto.

*Cando decidas a marca, o modelo, a cor**...**, acompáñote a buscar coche.*

# Os dous puntos [:]

Os dous puntos indican unha pausa semellante á do punto.

**Úsanse os dous puntos**

1. Para introducir ou citar textualmente as palabras de alguén (estilo indirecto).

    *Entón el dixo**:** «Voume, que é tarde».*

2. Para dar comezo a unha enumeración.

    *As provincias galegas son**:** A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.*

3. No encabezamento ou saúdo das cartas.

    *Querida amiga**:***

4. Para introducir a causa, consecuencia ou conclusión do que se acaba de dicir.

    *Medroume moito o pelo**:** teño que ir cortalo.*

# O punto [.]

O punto indica unha pausa na lectura. Existen tres tipos de punto: o punto e seguido, punto e á parte e punto final. Despois de calquera clase de punto escríbese maiúscula.

**Úsase o punto e seguido**

- Para separar oracións dentro dun mesmo parágrafo.

**Úsase o punto e á parte**

- Para pechar un parágrafo, cando o texto continúa noutra liña.

**Úsase o punto final**

- Para concluír un texto.

*O Arsenal de Londres acaba de fichar o dianteiro galego Xurxo Bouza**.** Este xogador foi, na última tempada, un dos máximos goleadores das ligas europeas**.***

*Segundo o seu novo adestrador, todos confían en que o club londiniense acade grandes éxitos coa contribución da nova fichaxe**.***

**punto e seguido**

**punto e á parte** **punto final**

**10.** Sinala, co número correspondente, a regra de uso do punto e coma que se aplica nestas oracións.

| | |
|---|---|
| A tenda, deberías de sabelo, pecha ás oito en punto**;** terás que volver mañá. | .... |
| No encontro destacaron tres xogadores: Xosé, que defendeu moi ben**;** Carlos, que marcou dous goles**;** e Lourenzo, que parou un penalti. | .... |
| Eu xa che dixera que, se suspendías, irías a clases particulares**;** polo tanto, agora non protestes. | .... |

**11.** Escribe estes enunciados intercalando entre eles as conxuncións que che damos deseguido. Coida o uso do punto e coma e da coma.

*daquela - en cambio - non obstante - polo tanto*

- A miña irmá sempre é puntual - hoxe chegou tarde.

.............................................................................................................................................

- Quero que a festa sexa unha sorpresa - non comentedes nada.

.............................................................................................................................................

- A bicicleta que quero comprar é moi cara - xa podo ir aforrando.

.............................................................................................................................................

- Eu creo que tedes poucas posibilidades - non perdedes nada por intentalo.

.............................................................................................................................................

**12.** Indica, co número axeitado, a regra de uso dos dous puntos que se aplica nestas oracións.

| | |
|---|---|
| Foi o xeneral romano Xulio César quen dixo**:** «cheguei, vin e vencín». | .... |
| Ola Xoán**:**<br>Como che vai todo por Alemaña? | .... |
| Naquela libraría había de todo**:** libros, xornais, cómics... | .... |
| A cama é cómoda**:** durmirei ben. | .... |

**13.** Escribe continuacións para estas oracións. Repara en que debes inventar a partir de dous puntos.

Teño moita fame

Gústanme moitas froitas

Ola Miguel

Entón a profesora berrou

**:**

..........

..........

..........

..........

**14.** Sinala, co número conveniente, a regra de uso dos puntos suspensivos que se aplica nestes casos.

| | |
|---|---|
| O rapaz entrou naquela escura estancia do castelo. Sentiu algo ás súas costas e era**...** Unha pantasma! | .... |
| En palabras de Rosalía**:** «Adiós, ríos; adiós, fontes (**...**) non sei cando nos veremos». | .... |
| Ela anoxouse e berroulle a Paulo: «parvo do c**...**!» | .... |
| Coñezo varias capitais europeas: Londres, Lisboa, París**...** | .... |

**15.** Escribe un texto no que introduzas, con sentido, varios exemplos de uso dos puntos suspensivos.

..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

..........

# Actividades

**16.** Escribe este texto poñéndolle todos os puntos e as maiúsculas que lle faltan. Ten en conta o esquema que che presentamos.

<u>*O texto ten:*</u> ***7*** puntos e seguido / ***2*** puntos e á parte / ***1*** punto final

> Atopabámonos en ruta cara a un punto da órbita de Urano a nosa nave, a Kosmos VIII, era a máis perfecta das creadas ata daquela no noso país para viaxes a longa distancia era capaz de acadar velocidades que só dez anos atrás resultarían impensables as distancias do espazo aberto semellaban cada vez máis curtas no ámbito do noso Sistema Solar pouco a pouco sentiámonos donos de máis mundos pensabamos que xa nos quedaba pouco por descubrir antes de dar o gran salto cara aos espazos da Vía Láctea era un pracer gobernar unha nave como a Kosmos VIII como sabedes, eu era o comandante un total de cinco persoas formabamos a misión tres ordenadores de resposta real axudábannos
>
> Joan Manuel Gisbert, *Historias secretas do espazo*

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

**17.** Descubre a que signo de puntuación corresponde cada cadro de cor: punto e coma [ ; ], dous puntos [ : ], puntos suspensivos [ ... ] ou punto [ . ]. Despois completa o texto cos signos adecuados.

■ (lila) → ....

■ (salmón) → ....

■ (amarelo) → ....

■ (verde) → ....

Querida Carme ■

Escríboche nada máis chegar a París ■ Isto é precioso ■ A sensación de estar xa aquí é ■ Non sei como dicilo ■ Emocionante! Durante a viaxe en coche tamén visitamos unha chea de cidades bonitas ■ Santander, Donosti, Bordeos ■

Eu pensaba que descansariamos algo o primeiro día ■ non obstante, esta tarde xa imos visitar o Museo do Louvre ■ Mañá temos varias cousas programadas ■ ver o barrio latino, co seu ambiente bohemio ■ ir á Torre Eiffel, coas súas panorámicas da cidade ■ e pasear en barco polo Sena ■

A verdade é que non me importa volver cansa ■ levaba moito tempo agardando esta viaxe a París ■ E como dicía meu avó ■ «máis vale tarde ca nunca» ■

Unha forte aperta ■

*Alicia*

# Os signos de interrogación [?] e exclamación [!]

Os signos de interrogación e exclamación empréganse na escrita para marcar a entoación interrogativa ou exclamativa.

**Úsase o signo de interrogación [ ? ]**

Para marcar onde remata unha pregunta.

*Cando volves***?**

*Fostes á festa***?**

**Úsase o signo de exclamación [ ! ]**

Para marcar onde remata unha exclamación.

*Que sorpresa***!**

*Estou farto***!**

**Usos especiais**

1. Para facilitar a lectura e evitar ambigüidades pódese marcar o inicio da pregunta ou da exclamación cos signos [ ¿ ] ou [ ¡ ], respectivamente.

   *Eu quedo,* **¿***ou queres que marche***?**

   **¿***Eu quedo, ou queres que marche***?**

2. Se se suceden varias preguntas ou exclamacións, poden separarse por comas; nestes casos só a primeira comeza por maiúscula.

   *Onde estabamos***?***, que sitio estraño era aquel***?***, a onde nos levaran***?**

   Se os consideramos elementos independentes, poden ir sen comas e comezan sempre por maiúscula. Despois do signo de interrogación e do de exclamación nunca pode escribirse punto.

   *Onde estabamos***?** *Que sitio estraño era aquel***?** *A onde nos levaran***?**

3. O signo de interrogación entre parénteses pode usarse para indicar dúbida sobre un dato.

   *Ese escritor emigrou a Cuba en 1912 (***?***)*

4. O signo de exclamación pode ir duplicado cando se desexa reforzar a expresividade da oración: máis sorpresa, máis alegría, máis enfado...

   *Calade xa***!!**

**18.** Completa os globos deste cómic con oracións que leven signos de interrogación ou de exclamación.




**19.** Copia estas oracións corrixindo os erros que conteñen.

- Ei, Xurxo!. Agarda por min! → ..........
- Calade!, Quero durmir! → ..........
- A quen elixo? a Xurxo? a Carme? → ..........

**20.** Pon os signos de interrogación e exclamación que faltan neste texto.

Eu non estaba interesada en xogar ao dominó, así que lle preguntei, xa bastante nerviosa:

—Como podo saír de aquí

O vello non fixo caso da miña pregunta e, coma se eu aceptase xogar a partida, achegoume unha cadeira similar á súa para que me puxese cómoda.

Evidentemente non sentei e, aproveitando os segundos de pausa que o vello empregou para tomar alento, insistín de novo.

—Dígame, como podo saír de aquí

—Ah, esquecíame —exclamou, mirando distraído para o reloxo de parede que penduraba do teito— Dispós de cinco minutos... Non. Xa só che quedan catro. Dispós de catro minutos para elixir o obxecto axeitado, contestar a pregunta e, se acertas, poderás marchar. Pero, entrementres, senta aquí e xoga unha partida comigo.

—Pero, de que demos me está a falar —preguntei fóra de min—. Que obxecto teño que elixir Cal é a pregunta que teño que contestar Como podo saír deste maldito dado se non ten nin portas nin fiestras Contésteme dunha vez, por favor

Milagros Oya, *O dado de lume*




# Regras xerais de acentuación

## Principios de acentuación

### A sílaba

Denominamos sílaba cada golpe de voz con que pronunciamos unha palabra.

*café* → *ca - fé*

*espello* → *es - pe - llo*

### Sílabas tónicas e átonas

Non todas as sílabas das palabras se pronuncian coa mesma intensidade. A **sílaba tónica** dunha palabra é a que se pronuncia con maior intensidade; as demais son **sílabas átonas.**

*café* → *ca (sílaba átona)* - ***fé*** *(sílaba tónica)*

*espello* → *es (sílaba átona)* - ***pe*** *(sílaba tónica) - llo (sílaba átona)*

As palabras dunha única sílaba (monosílabas) poden ser tónicas ou átonas.

*ti (-pronome-, tónica)*

*a (-artigo-, átona)*

### Tipos de palabras segundo a posición da sílaba tónica

Atendendo á situación da sílaba tónica na palabra, podemos distinguir palabras agudas, graves e esdrúxulas.

As palabras agudas teñen tónica a última sílaba:

*xa**món**, come**dor**, pa**pel**, a**lí**...*

As palabras graves teñen tónica a penúltima sílaba:

***bar**co, di**fí**cil, disco**te**ca, **me**sa...*

As palabras esdrúxulas teñen tónica a antepenúltima sílaba:

***má**xico, me**cá**nica, **xíl**garo, **mé**dico...*

# Actividades

**1.** Agrupa e ordena as sílabas de cada cor ata formar seis palabras distintas. Despois rodea cun círculo a sílaba tónica de cada palabra.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *a* | *mor* | *zo* | *re* | *mal* | *ga* | *zar* | *bra* | *res* |
| *co* | *mar* | *ce* | *ri* | *al* | *mér* | *cár* | *da* | *ni* |

- ....................................
- ....................................
- ....................................
- ....................................
- ....................................
- ....................................

**2.** Separa en sílabas estas palabras e sitúaas nos recadros que lles corresponden. Coida que nos cadros brancos coincidan sílabas átonas e nos de cor as sílabas tónicas.

*pantalóns - lóstrego - aparellador*
*semáforo - libro - felicidade - bicicleta*
*frigorífico - soñar - camisa*

**3.** Clasifica as palabras das dúas actividades anteriores neste cadro. Subliña a sílaba tónica en todos os casos.

| *Agudas* | *Graves* | *Esdrúxulas* |
|---|---|---|
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |

# Regras de acentuación gráfica

## Palabras agudas

Levan acento gráfico cando rematan:

- En vogal: *mañá*, *aquí*, *café*...
- En -n: *curmán*, *melón*...
- En -s: *cantís*, *compás*...
- En -ns: *curmáns*, *algúns*...

> Non se acentúan cando son monosílabas (*el*, *si*, *non*, *fe*...), cando acaban en ditongo decrecente (*cantei*, *seguiu*, *ademais*, *papeis*...) ou cando acaban noutra consoante que non sexa *-n* ou *-s* (*papel*, *arroz*, *nariz*...).

## Palabras graves

Levan acento gráfico cando rematan:

- En consoante distinta de -n ou -s: *réptil*, *carácter*, *clímax*, *alférez*...
- En grupos consonánticos distintos de -ns: *fórceps*, *bíceps*, *cámping*...
- En ditongos decrecentes: *amábeis*, *hóckey*....

> Non se acentúan cando rematan en vogal, *-n*, *-s* ou *-ns* (*mapa*, *lapis*, *canon*, *dolmens*...).

## Palabras esdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

*véspera*, *médico*, *nádega*, *psicóloga*...

**4.** Localiza nas sopas de letras os nomes dos elementos debuxados. Cada nome aparece nunha sopa distinta en función de se é unha palabra aguda, grave ou esdrúxula.



***agudas***

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| P | O | C | R | U | A |
| A | F | A | O | P | U |
| T | E | R | M | I | N |
| I | Ñ | A | S | T | O |
| N | C | C | H | I | U |
| S | E | O | X | E | C |
| O | I | L | U | Z | A |
| V | O | R | S | E | F |

***graves***

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| X | I | L | L | O | A |
| E | L | P | I | L | C |
| S | A | R | O | I | A |
| A | P | X | S | T | L |
| N | I | M | U | E | I |
| T | S | O | N | E | Z |
| O | I | U | C | H | O |
| V | A | L | B | U | M |

***esdrúxulas***

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| X | E | R | U | S | O |
| T | U | G | O | E | A |
| A | E | R | M | M | N |
| F | R | A | S | A | C |
| O | C | B | H | F | O |
| S | A | R | O | O | R |
| O | I | L | U | R | A |
| T | O | R | Ñ | O | E |

— Escribe as dez palabras anteriores, co acento gráfico se o precisan, e explica razoadamente por que o levan ou por que non.

| *Palabra* | *Xustificación* |
|---|---|
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |
| .................... | .................................................................................................... |

**5.** Resolve este «camiño silábico». Para facelo debes poñer, sílaba a sílaba e no sentido que marcan os triángulos de cores, as palabras que se corresponden con cada definición. Observa que xa che damos algunhas sílabas como axuda.

- ▶ Que se expresa con poucas palabras ao escribir ou falar.
- ▶ Aplicará sulfato a unha planta ou a unha plantación.
- ▶ Unión sexual.
- ▶ Dise do pobo, persoa ou animal que non ten morada fixa.
- ▶ Localidade luguesa.
- ▶ Dise da persoa libertina cargada de vicios.
- ▶ Vaso sagrado onde se fai a consagración do viño durante a misa.
- ▶ Xogo de mesa.
- ▶ Pata dianteira do porco, despois de matado e despezado.
- ▶ Axente nomeado por un goberno para defender os seus intereses nun país estranxeiro.
- ▶ Que se move, actúa ou é realizado en pouco tempo, con celeridade.
- ▶ Relativo á democracia ou conforme a ela.
- ▶ Que ten dez patas.
- ▶ Perda, total ou non, do movemento nalgunha parte do corpo.




— Clasifica as palabras que forman o «camiño silábico» segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas.

| *Agudas* | *Graves* | *Esdrúxulas* |
|---|---|---|
| .................... | .................... | .................... |
| .................... | .................... | .................... |
| .................... | .................... | .................... |
| .................... | .................... | .................... |
| .................... | .................... | .................... |

# Actividades

**6.** Fai os cambios de número de cada palabra e indica se a nova forma é aguda (a), grave (g) ou esdrúxula (e). Ponlles acento gráfico cando corresponda.

| *Singular* | | *Plural* | *Singular* | | *Plural* |
|---|---|---|---|---|---|
| cóctel (g) | – | ................... (...) | ................... (...) | – | chineses (g) |
| monitor (a) | – | ................... (...) | espécime (e) | – | ................... (...) |
| ................... (...) | – | caníbales (e) | ................... (...) | – | infantís (a) |
| mandril (a) | – | ................... (...) | carácter (g) | – | ................... (...) |
| ................... (...) | – | cámaras (e) | avestruz (a) | – | ................... (...) |

**7.** Clasifica en agudas, graves ou esdrúxulas estas palabras. Logo completa correctamente con elas as oracións que seguen.

**parque** (...................) - **parqué** (...................)

- Cando limpes o ..................... da casa faino con este produto especial para madeira.
- Os nenos reúnense acotío no ..................... para xogar á pelota.

**revólver** (...................) - **revolver** (...................)

- De cando en vez tes que ..................... o guiso para que non se pegue.
- O shériff desenfundou o seu ..................... e os bandidos fuxiron de alí.

**antigás** (...................) - **antigas** (...................)

- As casas desta rúa son as máis ..................... e fermosas da vila.
- Ante o perigo dos gases tóxicos, os bombeiros levaban máscaras ..................... .

**lucido** (...................) - **lúcido** (...................)

- O meu avó, a pesar da súa enfermidade, está ..................... e segue a gobernalo todo.
- O vestido desa actriz pareceume pouco ..................... porque tiña un deseño anticuado.

**porqué** (...................) - **porque** (...................)

- Necesito saber o ..................... da túa decisión. Non acabo de entender as túas motivacións.
- É mellor que vaias hoxe ao banco ..................... mañá é festivo e precisamos os cartos.

**8.** Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións.

- Coñecin o teu avo cando eu era arbitro de balonman.
- Maña comeza o setimo congreso sobre avances tecnoloxicos na industria textil.
- O capitan do equipo hungaro retirase hoxe do futbol.
- De supeto, avariouse a helice do helicoptero no que viaxaba o consul xapones.
- Os ladrons daquel automobil estan xa no carcere.
- O crater daquel volcan tiña cando menos dous quilometros de diametro.
- Un astronomo chines acaba de descubrir un novo satelite de Xupiter.
- Simon foi ao medico porque se sente debil e ten dores no torax.



# Acentuación diacrítica

| Sen acento | Con acento |
|---|---|
| a (artigo; pron. átono; preposición) | á (*a* + *a* artigo; *das aves*) |
| as (artigo; pron. átono) | ás (*a* + *as* artigo; *das aves*; *da baralla*) |
| besta (*animal*) | bésta (*arma antiga*) |
| bola (*peza de pan*) | bóla (*esfera, pelota*) |
| ca (conxunción) | cá (conxunción *ca* + artigo *a*) |
| cha (*che* + *a*) | chá (*plana*) |
| chas (*che* + *as*) | chás (*planas*) |
| co (*con* + *o*) | có (conxunción *ca* + *o*) |
| cos (*con* + *os*) | cós (conxunción *ca* + *os*) |
| compre (de *comprar*) | cómpre (de *cumprir*) |
| compren (de *comprar*) | cómpren (de *cumprir*) |
| da (*de* + *a*) | dá (de *dar*) |
| das (*de* + *as*) | dás (de *dar*) |
| do (*de* + *o*) | dó (*compaixón, loito*; *nota musical*) |
| e (conxunción) | é (de *ser*) |
| fora (de *ser* ou de *ir*) | fóra (adverbio) |
| ma (me + a) | má (*mala*) |
| mais (conxunción) | máis (adverbio) |
| no (*en* + *o*) | nó (*atadura*) |
| nos (pron. átono) | nós (pron. tónico; *ataduras*) |
| o (artigo; pron. átono) | ó (*a* + *o*) |
| os (artigo; pron. átono) | ós (*a* + *os*) |
| oso (*animal*) | óso (*do corpo*) |
| pe (letra) | pé (*do corpo*) |
| pola (*galiña*; *por* + *a*) | póla (*rama*) |
| por (preposición) | pór (*poñer*) |
| presa (*dique*, *prendida*) | présa (*apuro*) |
| se (conxunción; pron. átono) | sé (*sede eclesiástica*; imperat. de *ser*) |
| so (preposición) | só (adv. e adx.) |
| te (pron. átono; letra) | té (*infusión*) |
| ven (de *ver*) | vén (de *vir*) |
| ves (de *ver*) | vés (de *vir*) |
| vos (pron. átono) | vós (pron. tónico) |

# Actividades



**1.** Completa os ocos destas novas de xornal coas palabras adecuadas de cada par.

| | |
|---|---|
| *oso - óso* | *compren - cómpren* |
| *pe - pé* | *presa - présa* |
| *te - té* | *do - dó* |
| *fora - fóra* | *cha - chá* |

O Ministerio de Medio Ambiente paralizou a construción da ...................... de Narla, na provincia de Lugo, cunha Declaración de Impacto Ambiental negativa, segundo anunciou onte a ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona.

*Galicia Hoxe* (9-9-2004)

A Xunta de Galicia decretou tres días de ...................... oficial, de luns a mércores, pola morte de Xoán Paulo II.

*Galicia Hoxe* (4-4-2005)

A rúa Xeneral Pardiñas acolle desde hai uns poucos meses un local que promete facer as delicias dos afeccionados ao mundo das infusións, e máis en concreto, ao mundo do ...................... .

*Galicia Hoxe* (18-2-2004)

A Terra ...................... acolle os restos de Manuel María nun sepelio no que máis de tres mil persoas enmudeceron co adeus, en Outeiro de Rei, ao poeta da patria.

*Galicia Hoxe* (11-9-2004)

En España son varias as especies en perigo de extinción: o salmón atlántico, o ...................... pardo, a foca monxe ou a aguia imperial.

*Galicia Hoxe* (8-5-2005)

Pola neve e o xeo ...................... cadeas no porto de Poio (Lugo) e a DXT recomenda precaución nalgunhas estradas de Lugo, de Pontevedra e da Coruña.

*Galicia Hoxe* (26-12-2004)

Galicia ten saldo de mobilidade laboral negativo. O número de traballadores que saen de Galicia para traballar noutras comunidades supera en case 4 000 persoas os empregados que chegan de ...................... para traballar na nosa comunidade.

*Galicia Hoxe* (18-2-2004)

Os colectivos pesqueiros de Galicia manifestáronse onte en Santiago para pedir o cambio na actual normativa pesqueira. Os afectados pola crítica situación da anchoa do Cantábrico están en ...................... de guerra.

*Galicia Hoxe* (15-5-2005)

— Crea oracións combinando as palabras de cada par que non usaches.

- ........................................................................................................
- ........................................................................................................
- ........................................................................................................
- ........................................................................................................

**2.** Substitúe a palabra destacada por outra sinónima. Ten en conta que esta nova palabra pode levar ou non acento diacrítico.

- O tenista protestou porque, segundo el, a súa **pelota** (→ .................... ) entrou.
- Estamos a agardar polo tren que **procede** (→ .................... ) de Lugo.
- Non te entreteñas tanto, que teño **apuro** (→ .................... ). Se non saio xa, perderei o autobús.
- Eu convidei a Uxía á festa, **pero** (→ .................... ) ela non quixo vir.
- Enriba daquela **rama** (→ .................... ) do castiñeiro hai un niño de reiseñor.
- Cando **merque** (→ .................... ) o meu coche novo irei de viaxe máis a miúdo.
- A nosa **egua** (→ .................... ) pariu onte un poldro precioso.
- Meu avó é mariñeiro e sabe facer máis de vinte **ataduras** (→ .................... ) diferentes.

**3.** Completa este texto. Ten en conta que as palabras que corresponden en cada oco poden levar ou non acento diacrítico.

> Chucho Monteiro detense .................... beira do camiño de Castrillón. Remontou amodo a encosta da carballeira, levando na man unha .................... de loureiro verde, e agora senta nas pedras do valado a carón do camiño. Pasear sen .................... polo monte .................... unha cousa que o corpo lle pide, e un dos labores que .................... tempo lle ocupa. Coloca a .................... de loureiro debaixo do brazo, frega .................... mans para sacudirlles o po, saca tabaco e mistos, fai un pito .................... acéndeo. Desde alí divisa o val de Riba, e ao lonxe, ao .................... dos montes de Lendo, os lugares da Raposeira, o Muíño e o serradoiro de Pitoques.

Xurxo Borrazás, *Criminal*

**4.** Pon o acento diacrítico que falta en cada oración.

- O home co xersei azul é maior co teu pai.
- A irmá da túa amiga da moitos paseos.
- Óeme ben! Se bo, se queres que che deixe ir ao cine.
- O avó ven nese autobús, pero os netos non o ven chegar.
- No zoolóxico, un oso polar rompeu un oso.
- Impresionoume ver despregadas as as dos voitres.
- Eva quere mais froita, mais só peras e uvas.
- Ela díxome que fora fora para ver se chovía.
- Eu como menos ca ti pero bastante máis ca avoa.
- Por que lle das a túa boneca á amiga das túas irmás?
- Apoiei o pé no chanzo da escaleira para facer o no do zapato.
- Xosé e Neves din que esa película e aburrida.
- Quen vos dixo que vos seriades titulares na dianteira?
- Compre que Xurxo compre no supermercado todo o que lle encargamos.

**5.** Explica as diferenzas de significado entre estas mensaxes, segundo as palabras destacadas teñan ou non acento diacrítico.

No banquete, uns maleducados andaban a tirar **bolas** de pan polo aire.
→ ......................................................................
No banquete, uns maleducados andaban a tirar **bólas** de pan polo aire.
→ ......................................................................

Oe, ten coidado coa **besta**, non te vaias mancar.
→ ......................................................................
Oe, ten coidado coa **bésta**, non te vaias mancar.
→ ......................................................................

Non podemos baixar en piragua polo río con tanta **presa**.
→ ......................................................................
Non podemos baixar en piragua polo río con tanta **présa**.
→ ......................................................................

Os investigadores non esperaban atopar tantos **osos** naquel lugar.
→ ......................................................................
Os investigadores non esperaban atopar tantos **ósos** naquel lugar.
→ ......................................................................

Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. **Ves** ben agora?
→ ......................................................................
Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. **Vés** ben agora?
→ ......................................................................

**6.** Pon os acentos diacríticos que faltan neste texto.

Das voltas e mais voltas sobre os teus pes como unha buxaina para ficar queda de súpeto e sentir como o mundo xira ao teu redor. Sobes ao alto do cabozo ao que eu lle tiña pavor, para saltar dende arriba e sentir ese verme que anda pola barriga. Das pinchacarneiros. Fas o pino. Saltas en marcha da randeeira que che preparou o tío Ramiro pendurada da pola mais grosa da mazaira, coma se foses lanzarte a voar. Encántache pendurarte das pernas da viga de madeira que cruza o alboio coma se foses roupa tendida. As veces, a avoa quéixase e di que estas cousas so as fan os nenos. Despois fita para ti cos ollos húmidos e brillantes, cóllete polas dúas mans, achégate ao seu regazo e di: «A túa nai era mais tranquila e non daba tanta guerra».

Leticia Dotras, *¡Voa, cascuda!*




# Ditongo, tritongo e hiato

## Ditongo e tritongo

### Ditongo

Dicimos que hai ditongo cando dúas vogais contiguas se pronuncian na mesma sílaba: *piano* → ***pia*** *- no*.

- ***Tipos de ditongos***

A. Crecentes: vogal pechada (*i*, *u*) + vogal aberta (*a*, *e*, *o*):

*piano* → ***pia*** *- no*

*frecuente* → *fre - c**ue**n - te*

B. Decrecentes: vogal aberta (*a*, *e*, *o*) + vogal pechada (*i*, *u*); ou dúas vogais pechadas (*i*, *u*).

*noite* → *n**oi*** *- te*

*viviu* → *vi - v**iu***

### Tritongo

Dicimos que hai tritongo cando tres vogais contiguas se pronuncian na mesma sílaba. En todos os ditongos, a vogal central é aberta (*a*, *e*, *o*) e as outras pechadas (*i*, *u*).

*Uruguai* → *U - ru - g**uai***

*cambiou* → *cam - b**iou***

### Acentuación gráfica en ditongo e tritongo

Os ditongos e os tritongos levan acento gráfico segundo as regras xerais de acentuación. O acento gráfico sitúase sempre na vogal aberta (*a*, *e*, *o*).

*p**ia**no* (grave)

*d**iá**logo* (esdrúxula)

*anunc**ió**unolo* (esdrúxula)

***Excepción:***

Non levan acento gráfico as palabras agudas rematadas en ditongo decrecente ou en tritongo.

*ad**eu**s* (aguda)

*soc**iai**s* (aguda)

## Hiato

### Hiato

Dicimos que hai hiato cando dúas vogais contiguas se pronuncian en sílabas diferentes: *alegría* → *a - le - gr**í - a***.

- ***Tipos de hiatos***

A. Dúas vogais abertas (a, e, o):

*coello* → ***co - e*** *- llo*

*perdoar* → *per - d**o - ar***

B. Unha vogal aberta (a, e, o) átona e outra pechada (i, u) tónica:

*alegría* → *a - le - gr**í - a***

*baúl* → *b**a - ú**l*

C. Dúas vogais pechadas (i, u), sendo a segunda tónica:

*muíño* → *m**u - í*** *- ño*

*viúvo* → *v**i - ú*** *- vo*

### Acentuación gráfica en hiato

Os hiatos de tipo A acentúanse seguindo as regras xerais de acentuación.

*oc**éa**no* (esdrúxula)

*far**aó**n* (aguda)

Os hiatos de tipo B levan acento gráfico na vogal pechada tónica (aínda en contra das regras xerais de acentuación):

*alegr**ía*** (grave)

*b**aú**l* (aguda)

Os hiatos de tipo C levan acento gráfico na segunda vogal pechada, que é tónica (aínda en contra das regras xerais de acentuación):

*m**uí**ño* (grave)

*pos**uí**r* (aguda)

# Actividades

**1.** Pronuncia o nome dos elementos debuxados e escríbeos despois, sílaba a sílaba e cos acentos adecuados, no lugar que lle corresponda. Repara en que os cadros en laranxa conteñen ditongos e os cadros en verde, hiatos.










**2.** Pronuncia estas palabras e clasifícaas segundo conteñan ditongos ou hiatos. Copia os acentos gráficos adecuadamente.

r**uí**do - p**ui**den - az**ui**s - destr**uí**r - x**uí**zo - T**ui**

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***Como «muíño» (hiato: mu - í - ño)*** | ..........................<br>..........................<br>.......................... | ***Como «puido» (ditongo: pui - do)*** | ..........................<br>..........................<br>.......................... |

escrib**iu** - divid**iu** - d**iú**rno - v**iú**vo - recib**iu** - or**iú**ndo

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***Como «miúdo» (hiato: mi - ú - do)*** | ..........................<br>..........................<br>.......................... | ***Como «partiu» (ditongo: par - tiu)*** | ..........................<br>..........................<br>.......................... |

**3.** Repara nas seguintes palabras: os símbolos de cor representan hiatos de vogais abertas. Relaciona con frechas cada símbolo co hiato que lle corresponde.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *far🟢🟢n* | *oc🟡🟡no* | *c🟠🟠llo* | *néb🔴🔴* | *petról🟣🟣* |
| *p🟠🟠tico* | *perd🔴🔴r* | *camal🟣🟣n* | *ald🟡🟡n* | *p🔵🔵lla* |

| *Hiato* | *Símbolo* |
|---|---|
| ae | 🔴🔴 |
| ao | 🟡🟡 |
| ea | 🔵🔵 |
| eo | 🟢🟢 |
| oa | 🟠🟠 |
| oe | 🟣🟣 |

— Completa agora a seguinte táboa con cada unha das palabras anteriores.

| *Palabra* | *Sílabas* | *Leva acento gráfico* | *Non leva acento gráfico* | *Xustificación* |
|---|---|---|---|---|
| faraón | fa - ra - ón | X | | Palabra aguda rematada en -n. |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |
| ................ | ................ | .... | .... | ................................ |

**4.** Le en voz alta estas oracións pronunciando ben os encontros de vogais destacados. Acentúa correctamente os hiatos.

- R**au**l toca moi ben a fr**au**ta.
- A miña t**ia** marcha mañá de v**ia**xe.
- Precisamos un c**ua**rto con d**ua**s camas.
- A Eva dóelle m**oi**to o **oi**do dereito.
- El pos**ue** uns cinc**ue**nta bolígrafos.
- **Ai**nda necesito outra c**ai**xa.
- Eu contin**uo** con graves problemas de s**uo**r.
- Entón aparec**eu** un trans**eu**nte e freei.
- Que fan eses p**au**s dentro do b**au**l?
- Xoán dixo que **ia** comprar un **ia**te.
- Eu nunca vira tan fur**io**so o meu t**io**.
- El comeu toda a nosa fr**oi**ta: é un eg**oi**sta.

**5.** Escribe o verbo que falta en cada oración.

- Eu xa o (*saber: P1, copretérito, indicativo*) ........................ todo antes de que mo contases.
- Eu tamén (*contribuír: P1, pretérito, indicativo*) ........................ á vitoria do equipo.
- Eles (*amontoar: P6, pretérito, indicativo*) ........................ o lixo e logo botárono no colector.
- Onte eu (*cambiar: P1, pretérito, indicativo*) ........................ unha roda traseira do meu coche.
- Debemos falar baixo ata que os nenos (*estar: P6, presente, subxuntivo*) ........................ durmidos.
- Esta noite (*comer: P1, futuro, indicativo*) ........................ o resto do guiso.
- Ela (*continuar: P3, pretérito, indicativo*) ........................ durmindo, aínda que soou o espertador.
- Ela non (*poder: P3, pretérito, indicativo*) ........................ durmir polo barullo que había na rúa.
- Espero que eles me (*deixar: P6, presente, subxuntivo*) ........................ a súa pelota.
- Se el tivese cartos dabondo, (*ir: P3, pospretérito, indicativo*) ........................ de vacacións a Australia.

— Subliña de azul os ditongos, de negro os tritongos e de vermello os hiatos. Comproba que están correctamente acentuados en cada caso.

**6.** Pon os acentos gráficos que faltan neste texto. Todos eles afectan a ditongos e hiatos.

> O 3 de agosto de 1977 entrei a traballar como botóns nun banco en Santiago de Compostela. Acababa de facer vinte anos. O curso académico entretivérao entre algunhas clases na facultade ás que asistia pouco motivado, e unhas reunions para estudantes cristians nas que se mesturaba a accion politica a favor dos máis humildes con certo tufo psicoterapeutico de alivio emocional. Dirixia as sesions un cura chamado Luis Vilasuso, home agradable e práctico como o demostrou que, co paso dos anos, acabase exercendo de coengo na catedral compostelá. E foi en parte grazas a el que entrei no banco.
>
> Miguel Suárez Abel, *O repenique de Beatriz Goldar*

**7.** Pon todos os acentos gráficos que faltan nestas oracións. Ten en conta a presenza de ditongos, tritongos e hiatos.

- A raiña dixo entre bagoas que viaxaba a Suiza por un problema de saude.
- A Luis perdooo porque o accidente que provocou foi involuntario.
- Hai dous dias, Lucia sentia unha forte dor no oido dereito.
- Xoan Bieitez, o profesor de Bioloxia, sabe moito sobre os pingüins.
- A miudo camiño pola beira do rio ata o muiño.
- Ese dianteiro do Paraguai intercambiou a sua camiseta cun xogador rival.
- É unha magoa, pero con esta neboa non poderemos xogar o partido de beisbol.
- Acaban de construir unha estatua dedicada á heroina Maria Pita.
- As baleas grises non son moi habituais nesta parte do oceano Atlántico.
- Que o xuiz condenou o alcalde arzuan soubeno hoxe mesmo.




# Uso de «b» e «v»

## Úsase «b»

1. En interior de palabra, despois de «m»: *lombo*, *cambiar*, *pomba*...
2. En todas as formas dos verbos rematados en *-bir* (*escribir*, *recibir*, *rubir*, *prohibir*, *subscribir*...): *escribo*, *recibías*, *rubirá*, *prohibiron*...

   **Excepción:**

   *vir*, *vivir*, *servir* e os seus derivados.
3. En todas as formas dos verbos rematados en *-buír* (*atribuír*, *distribuír*, *contribuír*...): *atribuín*, *distribúes*, *contribuirán*...
4. En todas as formas dos verbos *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber* e *sorber*: *bebo*, *coubo*, *deberá*, *lambía*...
5. Nas terminacións do copretérito (pretérito imperfecto) de indicativo dos verbos da 1.ª conxugación: *falaba*, *cantabas*, *bailabamos*...
6. Nas palabras que comezan por *bu-*: *bubela*, *bufanda*, *buscar*, *budista*, *burla*...

   **Excepción:**

   *vulgo*, *vulnerar*, *vulto*, *vulva*, *vurullo* e os seus derivados.
7. Nos casos en que o son [b] vai seguido doutra consoante: *absterse*, *súbdito*, *branco*, *público*...

   **Excepción:**

   *acivro*, *ávrego* e *ovni*.
8. Nas palabras cos prefixos *biblio-* ('libro'), *bi-* ou *bis-* ('dous'), *bio-* ('vida'), *sub-* ('baixo'): *bibliografía*, *bimotor*, *bioloxía*, *subatómico*...
9. Nas palabras derivadas ou compostas doutras que tamén se escriben con «b»: *polbo* → *polbeira*, *brazo* → *antebrazo*...
10. Por criterios etimolóxicos, en: *abelá*, *automóbil*, *bafo*, *balde*, *baleiro*, *beira*, *billa*, *bolboreta*, *biscaíño*, *fibela*, *gabia*, *gabián*, *marabilla*, *móbil*, *nobelo*, *polbo*, *rebentar*, *ribeira*, *trobar*, *trobador*, *Xabier* e os seus derivados.

## Úsase «v»

1. En interior de palabra, despois de «b», «d» e «n»: *obvio*, *advertir*, *inverno*...
2. En todas as formas dos verbos rematados en *-servar* (*reservar*, *conservar*...) e *-versar* (*conversar*, *terxiversar*...): *reservade*, *conservo*, *conversaron*...
3. En toda a conxugación dos verbos *estar*, *ir*, *ter*, *servir*, *ver*, *vir* e *vivir*: *estiven*, *vou*, *tivera*, *vexas*, *vivín*...

   **Excepción:**

   o copretérito do verbo *estar* (*estaba*, *estabas*...).
4. En todas as formas dos verbos rematados en *-ver* (*absolver*, *ferver*, *mover*, *ver*, *volver*...): *absolveron*, *fervía*, *moveu*, *verás*...

   **Excepción:**

   *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber*, *sorber* e os seus derivados.
5. Nos nomes dos números: *nove*, *vinte*, *vinte e un*...
6. Nos adxectivos rematados en *-ave*, *-avo/a*, *-eve*, *-evo/a*, *-ivo/a*: *grave*, *oitavo*, *leve*, *nociva*...

   **Excepción:**

   *árabe*.
7. Nas palabras que comezan por *di-*: *divagar*, *divino*, *dividir*, *diversión*...

   **Excepción:**

   *dibásico/a*.
8. Nas palabras co prefixo *vice-* ('cargo de rango inferior') ou co sufixo *-voro/a* ('comer'): *vicepresidenta*, *insectívoro*...
9. Nas palabras derivadas ou compostas doutras que tamén se escriben con «v»: *inverno* → *invernadoiro*, *vento* → *papaventos*...
10. Por criterios etimolóxicos, en: *acivro*, *avó*, *avoa*, *avogado*, *caravel*, *chuvasco*, *covarde*, *Cristovo*, *escarvar*, *escaravello*, *Estevo*, *esvelto*, *garavanzo*, *gravar*, *gravata*, *pavillón*, *trevo*, *varanda*, *varredor*, *varrer*, *vasoira*, *vermello*, *verniz*, *verza*, *voda*, *voitre*, *vulto*, *xavelina* e os seus derivados.

# Actividades

**1.** Indica, co número adecuado, a regra de uso de «b» que afecta ás palabras destacadas destas oracións.

- Ese escritor *colom**b**iano* está a *escri**b**ir* a súa *auto**b**iografía*.

  ..... ..... .....

- Fun ***b**uscar* á ***bib**lioteca* un *li**b**ro* *so**b**re* *tro**b**adores* galegos.

  ..... ..... ..... ..... .....

- O adestrador *comenta**b**a* aos xornalistas que Xoán *de**b**e* *contri**b**uír* máis ao xogo do equipo.

  ..... ..... .....

**2.** Sinala agora, co número axeitado, a regra de uso de «v» que afecta ás palabras destacadas destoutras oracións.

- Ela e mais eu *con**v**ersamos* sobre a *di**v**ertida* escena do *tran**v**ía* da película que ***v**imos* onte.

  ..... ..... ..... .....

- Segundo eles, o peor de *vi**v**ir* en Noruega son os continuos *chu**v**ascos* e o frío *in**v**ernal*.

  ..... ..... .....

- O ***v**icecónsul* pronunciou un *emoti**v**o* discurso de máis de ***v**inte* minutos.

  ..... ..... .....

**3.** Substitúe as consoantes destacadas por «b» ou por «v» e forma outras palabras.

| | | |
|---|---|---|
| o**r**ella → .................. | **m**iú**d**o → .................. | **c**errar → .................. |
| al**g**a → .................. | **c**azar → .................. | **c**is**c**ar → .................. |
| **s**algada → .................. | **t**é**p**edo → .................. | **s**aleiro → .................. |
| **d**i**ñ**eiro → .................. | ru**m**or → .................. | **s**usto → .................. |
| al**p**ino → .................. | a**f**ondar → .................. | **c**a**l**or → .................. |
| a**f**ogar → .................. | a**fin**ar → .................. | **s**en**t**ido → .................. |
| **z**oo → .................. | de**m**orar → .................. | ou**t**ear → .................. |

—Crea oracións combinando algunhas das palabras con «b» e con «v» que formaches.

- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................
- ..........................................................................................

**4.** Localiza na sopa de letras os nomes dos elementos debuxados. Todos eles levan a letra «b».






| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | U | N | F | E | A | B | O | B | E | U |
| I | R | B | O | L | B | O | R | E | T | A |
| E | B | O | L | B | U | D | A | Z | N | T |
| P | F | I | B | E | L | A | U | X | O | E |
| A | B | E | L | A | S | O | O | B | B | I |
| E | S | C | H | I | D | U | L | A | E | R |
| T | A | U | T | O | M | O | B | I | L | O |
| A | R | F | E | X | P | A | R | P | O | N |






**5.** Resolve este encrucillado cos nomes dos elementos debuxados. Todos levan a letra «v».











**6.** Crea oracións combinando con sentido palabras das dúas actividades anteriores.

- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........

# Actividades

**7.** Pon «b» ou «v» nos ocos deste texto segundo conveña.

> Gustá....ame a....rir aquela chocolatina con sumo coidado procurando non romper nada. Inmediatamente despois do papel ....ermello tiña un papel de seda ....ranco e despois outro prateado que me ser....ía para ir engrosando a miña ....óla de papel de prata. Finalmente aparecía a cati....adora e arrecendente chocolatina. Entre o papel de seda e o de prata ha....ía un cromo que, ao chegar á casa, garda....a con outros de anteriores ....isitas nunha caixa de lata que por fóra tiña uns cara....eis pintados. A colección de cromos chamá....ase «As mara....illas do uni....erso». Os temas eran moitos e moi ....ariados. Desde a....ións, su....marinos, a historia da radio, o cine, a tele....isión, os reis do mar... e moitos máis que non lem....ro agora.
>
> Leticia Dotras, *¡Voa, Cascuda!*

**8.** Completa adecuadamente as oracións coa palabra de cada par que conveña.

*rebelar - revelar*

- Que non se che ocorra ............................ a ninguén o meu segredo.
- Manuel dixo que non atura máis e que hoxe se vai ............................ contra o seu xefe.
- O fotógrafo está a ............................ no seu laboratorio varios carretes de fotos.

*basto - vasto*

- Ese tecido para o vestido paréceme moi ............................ . Prefiro outro máis fino.
- A Antártida é un ............................ e xeado territorio que aínda está por explorar.
- Gañou a partida de brisca porque na última man tiña un ............................ e dous ouros.

*bocal - vocal*

- Se tes un problema ............................ , o mellor é acudir a un laringólogo.
- É obrigatorio que os cans leven ............................ pola rúa.

*balor - valor*

- Se non gardas ese queixo na neveira, vai coller ............................ .
- O ............................ destes terreos aumentou moito desde que pasa por aquí a autovía.
- Cómpre ter ............................ para lle dicir iso a Paula na súa cara.

**9.** Completa estas oracións poñendo nos ocos «b» ou «v» segundo conveña.

- Gustoume moito a gra....ata ....ermella que le....a....as onte na ....oda.
- Chama a Este....o e dille que esquecín uns ....otes de ....erniz no porta....ultos do seu coche.
- ....ieito ten que ....ol....er ao mercado porque esqueceu comprar os gara....anzos e as ....erzas.
- Despois do ....anquete ti....en que desa....rochar a fi....ela do cinto porque re....entaba.
- Cristo....o quedou oita....o na pro....a de lanzamento de xa....elina.
- Miña a....oa está en o....ser....ación no hospital porque lle descu....riron un ....ulto no ....razo.
- Ás ....eces, as cantigas dos tro....adores medie....ais critica....an os no....res pola súa co....ardía.
- Aquela muller es....elta disfrazada de ....ruxa con ....asoira é a miña a....ogada.
- O automó....il en....orcou cando chega....a ao pa....illón de deportes.




# Uso de «h»

## Úsase «h»

1. En todas as formas de verbos como *haber*, *habitar*, *habituar*, *herdar*, *homenaxear*, *honrar*, *hospedar* e *humillar*: *hai*, *habitaba*, *herdou*, *honrade*...
2. Nas palabras que comezan polos prefixos gregos: *hex-* ou *hexa-* ('seis'), *hept-* ou *hepta-* ('sete'), *hendeca-* ('once'), *hect-* ou *hecta-* ('cen'), *helio-* ('sol'), *hemi-* ('metade'), *hemo-* ou *hema-* ('sangue'), *hetero-* ('diferente'), *homo-* ('idéntico'), *hipo-* ('cabalo'), *hipo-* ('baixo'), *hiper-* ('superior ou moito'), *hidro-* ('auga'), *hipno-* ('sono'), *hepat-* ('fígado'): *helióstato*, *hemiciclo*, *heptasílabo*, *hectómetro*, *heterodoxo*, *hidroloxía*...
3. Nas palabras que comezan por *hum-*: *humidade*, *humilde*, *humano*...

   ***Excepción:***

   *úmero*.
4. Nas palabras que comezan por *horr-* ou por *hosp-*: *horrible*, *hospital*, *hóspede*...
5. Na palabra *alcohol* (aínda que tamén se admite *alcol*) e nos seus derivados: *alcohólico*, *alcoholemia*...
6. En moitas interxeccións: *ah*, *bah*, *eh*, *ho*, *hurra*, *oh*, *ouh*...

   ***Excepción:***

   *ai*, *ola*, *ei*.
7. Nas palabras derivadas ou compostas doutras que tamén se escriben con «h»: *habitar* → *deshabitar*, *home* → *xentilhome*...
8. Por criterios etimolóxicos, en palabras como: *harén*, *harmonía*, *harpía*, *hasta* (pau, corno), *hedra*, *Helena*, *hélice*, *helmo*, *Henrique*, *herba*, *hirto*, *histeria*, *home*, *hora*, *horta*, *hoxe* e os seus derivados.

## Non se usa «h»

1. Por criterios etimolóxicos, en: *achar*, *ata* ou *até*, *baía*, *encher*, *ermida*, *ermo*, *inflar*, *inchar*, *irmán*, *ombro*, *oco*, *orfo*, *óso*, *ovo*, *truán* e os seus derivados.

# Actividades



**1.** Indica, co número adecuado, a regra de uso de «h» que afecta ás palabras destacadas destas oracións.

- ***Ah***, es ti! Que susto! Pensei que non ***había*** ninguén na casa.
  ..... .....
- Calquera ser ***humano*** pode ter problemas ***hepáticos***.
  ..... .....
- ***Hoxe*** lin que Ourense ten xa máis de cen mil ***habitantes***.
  ..... .....
- Foi un ***horror*** ver aquel accidente no ***hipódromo***.
  ..... .....
- ***Bah!*** Eu non te creo. Ti non sabes nada de ***hipnotismo*** por moito que digas.
  ..... .....
- Ela actuou coma unha ***harpía***: chamoume ***alcohólica***.
  ..... .....

**2.** Resolve este encrucillado cos nomes dos elementos debuxados. Uns levan «h» e outros non.



—Crea oracións combinando algunhas das palabras con «h» e sen «h» anteriores.

- .....................................................................................................................................................
- .....................................................................................................................................................
- .....................................................................................................................................................
- .....................................................................................................................................................
- .....................................................................................................................................................

**3.** Completa estas oracións con palabras derivadas de *historia*, *heroe*, *herdar* e *harmonía*. Despois clasifícaas segundo a súa familia léxica e engade outras novas.

- O ...................... protagonista deste cómic pode voar e facerse invisible.
- Como sigas actuando en contra de teu pai, el vaite ...................... .
- Interésame moito a ...................... de Galicia, sobre todo os petróglifos e as mámoas.
- Hoxe na reunión houbo un ambiente moi ...................... : ninguén discutiu nin berrou.
- Segundo moitos, a lexítima ...................... do trono de Castela era Xoana a Beltranexa.
- Se non queremos estragar o noso futuro, cómpre ...................... urbanismo e natureza.
- Segundo ese ...................... , o castelo de Vimianzo foi construído entre o século XII e o XIII.
- O home que rescatou os nenos do incendio foi recoñecido polo seu ...................... .

| ***Familia léxica de «historia»*** | ***Familia léxica de «heroe»*** | ***Familia léxica de «herdar»*** | ***Familia léxica de «harmonía»*** |
|---|---|---|---|
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |

**4.** Rodea cun círculo a palabra correcta de cada par.

| | |
|---|---|
| *proibir - prohibir* | *baía - bahía* |
| *bafo - baho* | *menir - menhir* |
| *veículo - vehículo* | *proído - prohído* |
| *exibir - exhibir* | *boemio - bohemio* |

—Crea un breve texto no que introduzas, con sentido, as palabras correctas anteriores.

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

..........................................................................................................................................

**5.** Completa este texto poñendo «h» onde conveña.

> Estevo arrimou a lámpada ao corpo da súa ....irmá. Estaba enchoupada en suor. A nena batía dente con dente na ....inconsciencia da febre. A bruxa apartou a basta tea que a cubría e deixou ao aire o brazo da picadura. Estaba ....orriblemente ....inchado desde o ....ombreiro ata os dedos. ....abía un círculo negro no lugar onde a víbora lle cravara os dentes e del ....irradiaba unha profunda cor morada. A bruxa tocouno e apertou cos dedos aquí e acolá.
>
> Minio Rodríguez Cueto, *A pedra da serpe* (adaptación)

**6.** Completa adecuadamente as oracións coa palabra de cada par que conveña.

*abano - habano*

- Miña nai trouxo un ................. porque sabía que aquí non hai aire acondicionado.
- Para non molestar co fume do seu ................. , o padriño foi fumar ao xardín.

*aí - ai - hai*

- ................. dez anos ao lado desta praia non se vía ningún chalé.
- ................. ! Ten coidado. Acabas de pisarme no pé que teño mancado.
- As chaves da casa están ................. mesmo, ao teu carón.

*a ver - haber*

- ................. cando vés por Lugo, que teño moitas ganas de verte.
- Eu creo que agora mesmo no teatro debe ................. unhas cincocentas persoas.

*as - ás - has*

- Ti ................. facer exactamente o que eu che diga.
- Se tes o ................. de ouros, gañas esta man e a partida.
- Xa son ................. dúas e media.

**7.** Completa estas oracións con «h» só nos ocos onde sexa necesario.

- Naquel lugar tan ....ermo apareceron novos ....achados pre....istóricos.
- A esta antiga armadura ....olandesa faltáballe unha ....ombreira e o ....elmo.
- Un ....irmán de ....elena toca a ....arpa na orquestra fil....armónica.
- Que quedases ....orfo non xustifica que sexas un tru....án e que leves unha vida bo....emia.
- O ....óspede da casa rural quedou marabillado polo ex....uberante xardín cheo de ....edras.
- Vela....í tes unha foto do palacio ....indú que estamos a re....abilitar.
- Eu non vin ao ....ospital por unha fractura de ....úmero senón por unha ....emorraxia.
- Ana non se ....ospedou nese ....otel porque estaba pro....ibido fumar en todas as partes.
- Un dos meus an....elos é ....erdar o veleiro do avó e navegar con el pola ba....ía.
- A media ....ora andando desde esta ....ermida podemos topar un antiquísimo men....ir.



# Uso de «s» e «x»

### Úsase «s»

1. Nas palabras *escusa*, *estraño* e *escavar*; e nos seus derivados: *escusar*, *estrañeza*, *escavación*...
2. Nas palabras que comezan por *estra-* (non sendo este prefixo): *estrafalario*, *estratexia*, *estragar*...

***Pode usarse «s»...***

3. En lugar do primeiro «x» cando este aparecía dúas veces entre vogais: *osíxeno*, *asexar*... (pero tamén vale *oxíxeno*, *axexar*...).

### Úsase «x»

1. Nas palabras co prefixo *ex-* que significa 'fóra de' ou 'que foi e xa non é': *exculpar*, *ex-ministra*...
2. Nas palabras co prefixo *extra-* que significa 'fóra de' ou 'moi': *extraterrestre*, *extrafino*...
3. Nas palabras cos prefixos *hexa-* e *sex-* que significan 'seis': *hexaedro*, *sexteto*...

### Levan «s»

biscoito
escepticismo
escéptico
escisión
esculcar
espectacular
espectáculo
espectador
espléndido
espoliar
espontáneo
espremedor
espremer
estender
estranxeirismo
estranxeiro
estrañar
estraño
lapis
mesquiño
mesquita
xasmín

### Levan «x»

arxila
bixutería
cervexa
cornixa
enxalzamento
enxalzar
enxiva
excelente
exceso
expectación
extensión
extenso
extremidade
extremo
graxa
paixón
xarampón
xastre
xintoísmo
xintoísta
xordo

# Actividades

**1.** Completa estas palabras con *extra-* ou *estra-*. Ten en conta que *extra-* é un prefixo que significa 'fóra de' ou 'moi', mentres que *estra-* non é ningún prefixo.

- ..............ordinario
- ..............da
- ..............nxeiro
- ..............ñeza
- ..............sensible
- ..............dense
- ..............polar
- ..............ditar
- ..............gar
- ..............vertido
- ..............uterino
- ..............xudicial
- ..............lo
- ..............texia

**2.** Completa estas palabras con *ex-* ou *es-*. Ten en conta que *ex-* é un prefixo que significa 'fóra de' ou 'que foi e xa non é', mentres que *es-* non é ningún prefixo.

- ..............portar
- ..............pírito
- ..............premer
- ..............-presidente
- ..............propiar
- ..............pectáculo
- ..............poñer
- ..............drúxula
- ..............cursión
- ..............-conselleira
- ..............pertar
- ..............culpar
- ..............cusa
- ..............pulsar

**3.** Completa estas oracións coas palabras das actividades anteriores axeitadas. Coida o uso de «s» e de «x».

- Os nenos do colexio farán mañá unha .......................... ás Cíes.
- Van .......................... varias leiras nesta zona para construír un centro médico.
- Aquel dianteiro marcou un gol .......................... : caneou cinco xogadores e mais o porteiro.
- A palabra «automático» é .......................... .
- Xurxo ten un carácter moi .......................... : gústalle falar e sempre coñece xente nova.
- Que tiveses moito traballo non me parece .......................... para faltar á voda de Antón e Clara.
- Este teléfono ten unha antena .......................... que permite maior cobertura.
- Os avogados das dúas partes chegaron a un acordo .......................... para resolver o conflito.
- Bill Clinton, .......................... dos Estados Unidos, dará mañá unha conferencia en Compostela.
- Se imos facer zume para todos, hai que .......................... polo menos tres quilos de laranxas.
- Onte fomos ver ao teatro un .......................... de maxia.
- Non lle deas golpes ao meu ordenador portátil, aínda o vas .......................... .
- Din que van .......................... a Carlos do colexio polo seu mal comportamento.
- A .......................... que vai de Valdoviño a Cedeira está chea de curvas.
- Ese empresario dedícase a importar e .......................... todo tipo de mercadorías.

**4.** Localiza nesta sopa de letras as palabras definidas. Todas elas levan «s» ou «x».

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | U | N | F | E | O | B | O | S | X | U |
| I | R | B | H | D | B | A | X | E | A | N |
| E | S | P | R | E | M | E | D | O | R | T |
| X | E | O | B | E | X | A | U | X | A | E |
| A | X | E | S | T | R | A | Ñ | O | M | I |
| S | T | C | H | I | X | U | G | A | P | X |
| T | E | S | C | A | V | A | R | O | O | A |
| R | T | F | R | X | A | S | M | I | N | S |
| E | O | G | A | Z | C | H | E | S | U | O |

- Dise da persoa que oe pouco ou que non oe nada. → .........................
- Extraer terra dun lugar facendo un oco grande no terreo. → .........................
- Raro, diferente de como adoita ser. → .........................
- Flor en forma de funil, branca e moi recendente. → .........................
- Enfermidade contaxiosa producida por un virus, que se manifesta pola presenza de manchas rubias na pel. Tamén se di *sarampelo*. → .........................
- Aparello que serve para espremer laranxas, limóns e outros froitos semellantes. → .........................
- Polígono de seis lados e seis ángulos. → .........................
- Substancia untuosa contida en certos tecidos animais e vexetais: sebo, manteiga, aceite... → .........................
- Persoa que se dedica a facer roupa para home, sobre todo traxes, e ás veces para muller. → .........................
- Conxunto musical de seis membros. → .........................

**5.** Ofrece palabras da familia léxica das seguintes.

*graxa* — ..................................................... / .....................................................

*escavar* — ..................................................... / .....................................................

*exceso* — ..................................................... / .....................................................

*estraño* — ..................................................... / .....................................................

— Crea oracións combinando con sentido algunhas das palabras anteriores.

- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................

**6.** Escribe unha oración con cada unha das seguintes palabras. Despois le as oracións en voz alta pronunciando estas voces adecuadamente.

*testo - texto*

- ..........
- ..........

*esperto - experto*

- ..........
- ..........

*misto - mixto*

- ..........
- ..........

*sesta - sexta*

- ..........
- ..........

*esterno - externo*

- ..........
- ..........

**7.** Completa estas oracións poñendo «s» ou «x» onde proceda.

- Durante a e....cavación deste e....tenso castro atoparon uns ob....ectos e....traños.
- Para facer este tra....e, o ....astre e....tendeu sobre a mesa, sen e....a....erar, tres metros de tea.
- O ruído desa e....cavadora e....pertoume da se....ta e case me dei....a ....ordo.
- Ese camareiro e....tran....eiro preparoume un zume de laran....a cun e....traño e....premedor.
- Hai que e....tremar a limpeza na cociña, por iso é ur....ente limpar a gra....a do e....tractor.
- Aínda que padezo verti....e, desde esta corni....a ve....o unha e....tensa panorámica do val.
- Acabamos de fichar un e....celente e....tremo dereito, pero hai que ser e....i....ente con el.
- Paréceme e....cesivo que no hospital che qui....e....en e....tirpar o e....ófago.
- O presti....ioso violinista do se....teto de corda precisou o....í....eno despois da actuación.
- Grazas aos e....tintores, o incendio non se e....tendeu máis alá da vi....é....imose....ta planta.




# Uso de «x», «ll» e «i»

**Levan «x»**

conxugal
cónxuxe
conxuntura
conxuntural
dexección
disxunción
enxesar
exaculación
exacular
inxección
inxectar
maxestático
pelexa
pexorativo
proxección
proxectar
proxectil
proxecto
proxector
subxacer
subxugar
traxecto
traxectoria
xacente
xacer
xaxuar
xaxún
xema
xenro
xeso
xugo
xugular
xustaposición
xustapoñer

**Levan «ll»**

agasallo
agulla
alleo
allo
antollar
antollo
aparellador
aparellar
atallar
atallo
bacallau
baralla
barallar
brillante
brillar
brillo
burbulla
callado
callar
cella
cerralleiro
coello
espello
estropallo
falla ('fallo ou carencia')
gargallada
lentella
mallo ('apeiro')
mexillón
migalla
ollal
olleiras
palla
pallaso
parella
partilla
semellante
semellar
tallo
tella
tellado
vasilla

**Levan «i»**

aboiar
abraiar
alboio
alfaia
alfaiate
apoio
baioneta
boia
croio
ensaiar
ensaio
escaiola
escaiolar
faia ('árbore')
faiado
ianqui
iate
Iemen ('país')
iemení
ien ('moeda xaponesa')
iodo
ioga
iogur
iogureira
ioió
laiar
laio
maio ('mes')
maionesa
maior
maioría
maiúscula
minisaia
papagaio
paraguaio
pararraios
praia
raia
raiar
raio
saia
uruguaio
xoia
xoiaría
xoieiro

# Actividades

**1.** Resolve o encrucillado cos nomes dos elementos debuxados. Todos levan «x», «ll» ou «i».



**2.** Substitúe as consoantes destacadas por «x», «ll» ou «i» e forma outras palabras.

**t**ema → ................
abra**z**ar → ................
a**s**eo → ................
in**f**ectar → ................
bo**t**a → ................
bara**t**a → ................
te**s**a → ................
**b**ate → ................

— Completa estas oracións coas palabras con «x», «ll» ou «i» anteriores.

- Ela lanzouse ao mar desde o .................... , nadou ata a .................... e logo volveu.
- Noto, polo tacto na .................... dos dedos, que esa .................... é nova.
- Non te podes .................... dese xeito: ese é un problema .................... que a ti non che afecta.
- Non sei por que me teñen que .................... unha vacina porque me caese unha .................... no pé.

**3.** Le as seguintes palabras e descubre a letra que corresponde a cada círculo de cor.

🟠 → ....  🟢 → ....  🔵 → ....

| | |
|---|---|
| *ma🟠onesa* | *estropa🟢o* |
| *pio🟢o* | *Ba🟠ona* |
| *o🟢eiras* | *🔵ugular* |
| *bo🟠a* | *🔵acer* |
| *tra🔵ectoria* | *miga🟢as* |
| *🔵a🔵uar* | *garga🟢ada* |
| *No🟠a* | *o🟢al* |

— Escribe algunhas oracións combinando as palabras anteriores. Repara no uso de «x», «ll» e «i».

- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................
- ..........................................................................................................................

**4.** Completa as oracións con palabras derivadas de *brillo*, *raia*, *proxecto* e *maior*.

- O líquido ...................... que me recomendaches é boísimo: o meu parqué loce como nunca.
- O presidente espera obter o apoio ...................... do Parlamento.
- Por sorte, o ...................... disparado polo tanque non feriu a ninguén.
- Manuel contribuíu con ...................... á vitoria do seu equipo: marcou tres goles.
- Algún canalla dedicouse a ...................... o meu coche cunhas chaves pola noite.
- Meu avó xogaba ...................... de dianteiro, aínda que tamén foi porteiro.
- Ese escritor naceu no concello de Lobios, ...................... con Portugal.
- Os sindicatos están en desacordo co ...................... de lei que prepara o goberno.

— Clasifica as palabras que escribiches pola súa familia léxica e engade outras novas a cada unha.

| *Familia léxica de «brillo»* | *Familia léxica de «raia»* | *Familia léxica de «proxecto»* | *Familia léxica de «maior»* |
|---|---|---|---|
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |
| ...................... | ...................... | ...................... | ...................... |

**5.** Completa as oracións coa palabra conveniente de cada par. Despois leas en voz alta coidando a pronunciación.

*faio - fallo*

- Levade esas caixas vellas ao ...................... , que aquí estorban.
- Por cada ...................... no exame, a profesora restounos medio punto.

*oio - ollo*

- O oculista dixo que me aumentou lixeiramente a miopía no ...................... dereito.
- Fala máis alto, que non ...................... ben con este ruído.

*vaia - valla*

- Estamos a buscar un coche que ...................... , como moito, sete mil euros.
- Cando ...................... a Roma, visitarei o Vaticano.

*faia - falla*

- Neste monte vese moita ...................... e tamén moito carballo.
- Tiven algúns problemas en Londres pola miña ...................... de costume de falar en inglés.

*maio - mallo*

- Antes mallábase manualmente o cereal co ...................... para separar o gran da palla.
- Estaremos de viaxe ata que remate o mes de ...................... .

**6.** Completa estas oracións poñendo «x», «ll» ou «i» onde proceda.

- O noso ....ate quedou abo....ando co motor avariado, ata que nos remolcaron ata a pra....a.
- Mañá pro....ectarán unha película ....emení no castelo de Soutoma....or.
- Hoxe estou de anto....o: de primeiro quero lente....as; de segundo, coe....o; e de sobremesa, ....ogur.
- Quedei abra....ado ao verme no espe....o con aquel disfrace de pa....aso.
- Durante o roubo, o meu ....enro foi ferido cunha nava....a preto da ....ugular.
- Polo seu aniversario, os cón....u....es compraron agasa....os nesa xo....aría.
- No poema dese autor urugua....o sub....ace o tema do imperialismo ....anqui.
- A ma....oría da xente da vila sabe que este ata....o é o tra....ecto máis curto ata a fonte.
- A profesora de ....oga recomendoume un día de ....a....ún para eliminar as miñas o....eiras.
- No pasado mes de ma....o, un incendio provocado por un ra....o destruíu aquel bosque de fa....as.



# Grupos –cc– e –ct–

## a, e, o + cc / ct

Despois de «a», «e» e «o», mantense o grupo consonántico completo: *a**cc**ión*, *abstra**ct**o*, *se**cc**ión*, *adxe**ct**ivo*, *obxe**ct**o*, *respe**ct**o*, *o**cc**idental*, *no**ct**ámbulo*...

***Excepción:***

algunhas palabras mudaron o primeiro «c» por «i» ou «u»: *do**ut**or*, *do**ut**oramento*, *o**it**avo*, *re**it**or*, *re**it**orado*, *re**it**oral*, *re**it**oría*, *se**it**a*...

## i, u + cc / ct

Despois de «i» e «u», na maioría dos casos, suprímese a primeira consoante do grupo: *afli**c**ión*, *di**t**ado*, *vi**t**oria*, *dedu**c**ión*, *introdu**c**ión*, *produ**t**o*...

***Excepción:***

mantense o grupo consonántico con algunhas palabras técnicas e cultas pouco frecuentes: *edi**ct**o*, *i**ct**ericia*, *su**cc**ión*...

## i, u + c / t

abdución
abdutor
acueduto
adución
adutor
aflición
aflito
beneditino
condución
conduta
conduto
condutor
conflito
constrición
constritivo
construción
construtivo
construtor
contradición
contraditorio
contrición
dedución
dedutivo
delito
delituoso
destrución
destrutor
dicionario
distrito
ditado
ditadura
ditame
ditar
estrito
estrutura
flutuación
flutuante
flutuar
frutífero
frutificar
frutuoso
gasoduto
indución
indutor
instrución
instrutivo
instrutor
interdito
introdución
introdutor
introdutorio
lutuoso
obstrución
obstrucionismo
obstrucionista
obstrutivo
oleoduto
predición
produción
produtivo
produtividade
produto
produtor
reconstrución
redución
reduto
redutor
reprodución
reprodutor
restrición
restritivo
salvoconduto
sedutor
tradución
tradutor
usufruto
usufrutuario
viaduto
vítima
Vítor
vitoria
vitorioso
xurisdición

## i, u + cc / ct

adicción
adicto
convicción
convicto
deíctico
dicción
dúctil
ductilidade
edicto
eructar
eructo
ficción
ficticio
fricción
friccionar
ictericia
ictérico
ictiografía
ictioloxía
ictiomancia
indicción
invicto
lictor
micción
pictografía
pictográfico
pictograma
pictórico
ricto
succión
succionar
veredicto
vindicta

# Actividades

**1.** Completa as seguintes palabras segundo conveña. Se o precisas, repasa as listaxes da páxina anterior.

| | |
|---|---|
| adxe......ivo | exa........o |
| condu......or | di........ado |
| obxe......o | pi........órico |
| o........idental | ví........ima |
| produ........o | do........or |
| a........ión | tradu........ión |
| fi........ión | o........avo |

— Clasifica as palabras anteriores nesta táboa.

| ***Despois de «a», «e», «o», –cc– e –ct–*** | ***Despois de «i», «u», –c– e –t–*** |
|---|---|
| ........................................................ | ........................................................ |
| ........................................................ | ........................................................ |
| ***Excepcións:*** | ***Excepcións:*** |
| ........................................................ | ........................................................ |

**2.** Resolve o encrucillado. Algunhas das palabras que o compoñen perderon o primeiro c no grupo –cc– e o c no grupo –ct– e outras consérvano.



▶ Decisión dun xuíz ou dun tribunal sobre un caso concreto.

▶ Que nunca foi vencido.

▶ Acción contraria á lei.

▶ Persoa que se dedica a expresar nun idioma determinado algo dito ou escrito noutra lingua.

▶ Imaxinario, non-real.

▶ Libro que contén palabras dunha lingua nunha determinada orde e acompañadas da súa definición.

▶ Limar, prólogo.

▶ Resultado a favor obtido nunha loita ou competición.

**3.** Asocia e ordena as sílabas de cada cor ata formar seis palabras distintas. Clasifícaas despois segundo manteñan ou non os grupos –cc– ou –ct–.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *a* | *tor* | *du* | *du* | *suc* | *ción* | *pro* | *con* | |
| *des* | *vic* | *cio* | *so* | *du* | *tar* | *tor* | *ruc* | *to* |
| *ción* | *tuo* | *e* | *cue* | *re* | *tru* | *con* | *lu* | *nar* |

*Palabras con –cc– ou –ct–:* ..............................................................................................

*Palabras con –c– ou –t–:* ..............................................................................................

— Crea agora unha oración para cada unha das palabras anteriores.

- ..............................................................................................
- ..............................................................................................
- ..............................................................................................
- ..............................................................................................
- ..............................................................................................
- ..............................................................................................
- ..............................................................................................
- ..............................................................................................

**4.** Completa coherentemente as seguintes oracións con palabras derivadas de *ditar*, *estrutura* e *produto*.

- Se non hai vontade real de chegar a un acordo, este diálogo resultará ........................ .
- A profesora hoxe fixo un ........................ para que melloremos a ortografía.
- O escritor explicou que decidiu ........................ a súa novela en dez capítulos.
- A violencia é un problema ........................ da sociedade: afecta a todas as idades e clases sociais.
- Ese actor de Hollywood será ........................ e director do seu próximo filme.
- Estou a ler un libro sobre a represión durante a ........................ franquista.

— Clasifica as palabras que escribiches neste cadro e engade outras da mesma familia léxica.

| ***Familia léxica de «ditar»*** | ***Familia léxica de «estrutura»*** | ***Familia léxica de «produto»*** |
|---|---|---|
| ........................ | ........................ | ........................ |
| ........................ | ........................ | ........................ |
| ........................ | ........................ | ........................ |
| ........................ | ........................ | ........................ |

**5.** Rodea cun círculo a palabra correcta de cada par. Despois completa as oracións coas palabras correctas adecuadas.

| | |
|---|---|
| *gasoduto - gasoducto* | *seita - secta* |
| *drogadito - drogadicto* | *dición - dicción* |
| *reitor - rector* | *beneditino - benedictino* |
| *redución - reducción* | *frición - fricción* |

- As autoridades pesqueiras acordaron unha ......................... das capturas de sardiña.
- O mosteiro ......................... de San Salvador de Lourenzá foi fundado no ano 969.
- A miña empresa está a construír en Lugo un ......................... de seis quilómetros.
- Moitos pobos prehistóricos conseguían lume mediante a ......................... de dous paus secos.
- Non é que eu teña problemas de ......................... ; é que estou a falar cun caramelo na boca.
- O ......................... da universidade pronunciou un emotivo discurso na súa despedida.
- Esa ONG dedícase a ofrecer axuda e asesoramento a ......................... e aos seus familiares.
- Ese home foi acusado de dirixir unha ......................... moi perigosa.

**6.** Escribe estas oracións corrixindo os erros que afectan aos grupos –cc– e –ct–. O número entre parénteses indica os erros por oración.

- Díxenlle ao xuíz, con respeto, que dubidaba da obxeitividade do seu veredicto. (2)

  .......................................................................................................................................

- O produto que me receitou o doctor para deixar de erutar é boísimo. (2)

  .......................................................................................................................................

- O acueducto romano de Segovia é unha das construccións máis espetaculares que coñezo. (3)

  .......................................................................................................................................

- Esta é a octava victoria consecutiva do noso equipo: somos o único equipo invicto. (2)

  .......................................................................................................................................

- As vítimas do acidente entre os tratores ofrecen versións contradictorias. (3)

  .......................................................................................................................................

- O reitor da universidade anunciou a construcción dunha nova facultade de Traducción. (2)

  .......................................................................................................................................

- A profesora dictounos un texto sobre un planeta ficticio e eu escribín mal dous adxetivos. (2)

  .......................................................................................................................................



# Terminación –zo, –za

### -zo, -za (solución patrimonial)

*andazo*
*avinza*
*cansazo*
*cobiza* (*cobizar*, *cobizoso* etc.)
*crenza* (*descrenza*)
*diferenza* (*indiferenza*; pero *diferenciar*)
*doenza*
*espazo* (*espazar*, *espazoso*)
*estanza* ('estrofa')
*finanza* (*financeiro*; pero *financiar*, *financiamento*)
*graza* (*desgraza*; pero *gracioso*, *agraciar*, *agraciado*)
*habenza*
*influenza* ('gripe')
*licenza* (pero *licenciar*, *licenciado*, *licenciatura*)
*nacenza* (*renacenza*)
*novizo*
*perseveranza*
*pertenza* (xunto ao cultismo *pertinencia*, con significado diferente)
*postizo*
*preguiza* (*preguiceiro*, *preguizoso*)
*presenza* (pero *presenciar*)
*prezo* (*desprezo*, *menosprezo*, *prezar*, *desprezar*; pero *aprecio*, *apreciar*)
*querenza* (*benquerenza*, *malquerenza*)
*sentenza* (pero *sentenciar*)
*servizo* (*servizal*)
*tenza* (*mantenza*)
*terzo* (*terza*, *terzá*, *terzar*)
*xuízo* (*axuizar*, *prexuízo*)
*xustiza* (*axustizar*, *inxustiza*, *xusticeiro*)

### -cio, -cia (solución culta)

*acacia*
*anuncio* (*anunciar*)
*aprecio* (*apreciar*)
*artificio* (*artificioso*)
*audacia*
*avaricia* (*avaricioso*)
*beneficio*
*bulicio* (*bulicioso*)
*cartapacio*
*cilicio*
*comercio* (*comerciar*)
*consorcio*
*contumacia*
*delicia* (*delicioso*)
*desperdicio* (*desperdiciar*)
*divorcio* (*divorciar*)
*edificio*
*eficacia*
*estancia* ('cuarto')
*exercicio*
*falacia*
*farmacia*
*ficticio*
*hospicio* (*hospiciar*)
*ictericia*
*impericia*
*influencia* (*influenciar*)
*inmundicia*
*malicia* (*malicioso*)
*maleficio*
*milicia*
*necio*
*negocio* (*negociar*)
*noticia* (*noticioso*)
*nuncio*
*oficio* (*oficioso*, *oficiar*)
*orificio*
*palacio*
*patricio*
*pericia* (*pericial*)
*perspicacia*
*pertinacia*
*precipicio*
*prefacio*
*propicio* (*propiciar*)
*sacerdocio*
*sacrificio*
*silencio* (*silencioso*, *silenciar*)
*socio* (*asociar*)
*suspicacia*
*vicio* (*vicioso*, *viciar*)
*xentilicio*

# Actividades

**1.** Agrupa e ordena as sílabas da mesma cor ata formar oito palabras. Clasifícaas segundo rematen en *–zo*, *–za* ou en *–cio*, *–cia*.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *za* | *pre* | *xu* | *cia* | *zo* | *ne* | *za* | *fi* | |
| *cri* | *fi* | *cio* | *far* | *zo* | *bi* | *sa* | *ma* | *be* |
| *zo* | *sa* | *pre* | *co* | *í* | *cio* | *can* | *sen* | *des* |

| | |
|---|---|
| ***Rematan en –zo, –za*** | ........................................................................................................ |
| ***Rematan en –cio, –cia*** | ........................................................................................................ |

**2.** Completa estes textos, tomados de xornais e revistas electrónicos en galego, coas palabras adecuadas da seguinte serie.

*sentenza - prezos - terzos - espazos*
*grazas - xustiza - diferenzas - servizo*

O informe elaborado por técnicos de *Consumer* o pasado mes de xuño serviu tamén para constatar o que xa é sabido: os ......................... que rexen nas áreas de ......................... son superiores aos que o usuario está afeito a pagar en establecementos semellantes (tendas, bares, restaurantes) fóra delas. Os datos indican que o menú do día nun restaurante destes ......................... para descanso do automobilista custa 9 euros de media, chegando ata os 11 euros de media na AP-7 que une Barcelona con Valencia.

*revista.consumer.es*

A Sala do Social do Tribunal Superior de ......................... de Galicia desestimou o recurso de suplicación interposto polo Concello de Mos contra a ......................... ditada polo Xulgado do Social N.º 4 de Vigo, no que se declaraba «despido improcedente» o do traballador do Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR).

*www.apeneira.com*

Dos once millóns de euros recibidos no período 2000-2006 en concepto de Fondos de Cohesión, Cataluña e Madrid recibiron 7,2 millóns, ou o equivalente a dous ......................... . Esta repartición, lonxe de reducir as ......................... internas entre os estados e favorecer a competitividade, agrandou as desigualdades. A inxección de cartos nesas dúas comunidades axudou a que creceran máis que a media europea, ao ser máis atractivas para a instalación de novas empresas. De feito, Madrid foi a terceira rexión en crecemento económico de Europa nos últimos sete anos. ......................... aos investimentos europeos, a comunidade madrileña deixou atrás a 34 rexións e situouse na posición 39 das 210 existentes antes da ampliación.

*www.anosaterra.com*

**3.** Resolve o encrucillado. As voces que o compoñen rematan en *–zo*, *–za*, *–cio*, *–cia* ou son derivadas de palabras con estas terminacións.



- Capacidade para divertir ou facer rir que ten algo ou alguén.
- Establecemento dedicado á venda de mercancías ao público, polo miúdo.
- Dar valor a unha cousa, estimar.
- Ausencia de calquera ruído ou son.
- Suceso negativo ou sorte contraria.
- Extenso, amplo, folgado.
- Que está sempre disposto a axudar e colaborar cos demais.
- Frialdade, desinterese, apatía.
- Mediar nun trato, nunha negociación, nunha disputa.
- Recoñecer ou sinalar a diferenza entre dous elementos.

**4.** Escribe oracións combinando, con sentido, palabras traballadas nas tres actividades anteriores.

- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........
- ..........